



DEPREDADORES -AVES-

Accipiter gentilis

IDIOMAS:

- [GALEGO – Azor común.](#)
- [CASTELLANO – Azor común.](#)

Carlos Padín Cores – Biólogo.
Marta Sánchez Fraga – Educadora ambiental.

CADERNOS DE CAMPO:
BIOLOXÍA DOS DEPREDADORES MÁIS COMÚNS.
AVES – Azor común.

CLASIFICACIÓN:

REINO	Animalia
FILO	Cordados
SUBFILO	Vertebrados
CLASE	Aves
ORDE	Falconiformes
FAMILIA	Accipitridae
SUBFAMILIA	Accipitrinae
XÉNERO	Accipiter
ESPECIE	<i>Accipiter gentilis</i>



É un dos depredadores aéreos máis comúns da nosa península. Se por si mesmas, a tenacidade e a insistencia acrobática cás que acosa ó bando de mensaxeiras a ceo descuberto xa son fascinantes, observalo mentres caza nas espesuras das fragas e coutos constitúe un verdadeiro espectáculo en tódolos sentidos. Este depredador é unha verdadeira máquina versátil onde se conxuntan forza, velocidade e axilidade; pero son os espazos reducidos os que sacan todo o partido ás súas calidades, chegando a perseguir presas moito menores que el a gran velocidade evitando todo tipo de obstáculos. Posúe ademais un hábito de caza cando menos chamativo, sendo unha rapaz diúrna, adoita reservar algún ataque para os períodos de menor visibilidade (amencer e entre lusco e fusco). Sorprendendo a moitas presas salvaxes nos seus durmidoiros e a pombas nos tellados dos pombais. Xa capturada a presa, será devorada en varias quendas si é grande, e sobre o terreo no caso de pequenos paxaros e roedores.

DESCRIPCIÓN E IDENTIFICACIÓN:

Tamén neste caso, son maiores as femias.

	LONXITUDE	PESO
♂	49-56 cm.	500 g.-1 Kg.
♀	58-64 cm.	700 g.-2 Kg.



A envergadura, nos adultos, varía entre os 130 e os 170 cm.

Cabeza: De tamaño acorde co corpo. A cor dos ollos é moi característica, sendo nos adultos vermella, laranxa ou amarela e nos inmaturos gris verdoso. Sobre os ollos, posúen unha marcada liña superciliar de cor claro, máis pronunciada nos xuvenís. Meixela escura.

Cor:

Adultos: Dorso pardo escuro. Pescozo branco pintado de gris. Abdome e zona ventral das alas con liñas horizontais de cor gris sobre fondo branco. A plumaxe que rodea a zona anal, é sempre de marcada cor branca.

Individuos xuvenís: Dorso pardo máis claro que nos adultos. Pescozo de cor crema pintado de pardo. Abdome e partes ventrais das alas, con liñas **verticais** de cor pardo escuro sobre fondo ocre, e listas en forma de gotas.

A cola en ámbolos casos presenta bandas horizontais de cor escura, gris en adultos, pardo nos inmaturos.

Silueta:

Cando temos oportunidade de velo pousado, podemos observar que as alas non chegan máis alá da base da cola. En voo, presenta unha silueta moi característica, observando que as alas estendidas son anchas e redondeadas, diferenciándose claramente as rémixes principais. Mentres, a cola é moi longa e estreita, recollida cando voa, levemente estendida mentres planea.

Reflexionando sobre esta morfoloxía, decatáronos de que presenta unhas adaptacións encamiñadas a conferirlle unha notable mobilidade dentro da maraña de ramas e troncos dos bosques e fragas, onde adoita cazar.



ECOLOXÍA E BIOLOXÍA:

É o maior representante dos *Accipiter* (rapaces de alas redondas) de Europa.

A súa base alimenticia é excepcionalmente variada, adaptándose á presa máis relevante do entorno.

Pode alimentarse de aves como pombas, torcazas, rulas, perdices, paspallás, faisáns, galos de monte e ata de pavos e galiñas. No caso dos mamíferos prefere lebres, coellos, esquíos e pequenos roedores.

Un dato distintivo é que podemos observalo frecuentemente acosado por córvidos, sobre todo unha vez acadada a presa.

Constrúe os seus niños preferentemente en árbores, no Ártico cría no chan. A posta consta de 1 a 5 ovos cun peso medio rolando os 50 ou 75 g., a incubación require de entre 36 a 40 días.

Os poliños adoitan realizar o seu primeiro voo preto dos 40 ou 45 días de vida. Alcanzando a idade de adultos ós 2 anos.



DISTRIBUCIÓN ACTUAL NA PENÍNSULA IBÉRICA:



Xeral.



Principais poboacións.

A súa presenza esténdese por toda a península Ibérica, sendo divagante ou menos frecuente no SW de Portugal e gran parte da costa mediterránea. As concentracións máis relevantes, pola contra, documéntanse no SW galaico, cordilleira cantábrica e montes vascos, cordilleira central, sistema ibérico, chairas de Urgell e serra de Montserrat en Cataluña, serras de Alcázar e Segura así coma na serra de Ronda en Málaga.

A nivel mundial, documéntanse dende o nivel do mar ata os 3.400 m. de altura.

Amosa preferencia polas marxes e claros dos bosques, fragas e coutos, aínda que é bastante frecuente observalo preto ou dentro de zonas rurais e ata urbanas.

SITUACIÓN FRONTE A EXTINCIÓN:

Como rapaz, vese moi influída pola caza ilegal e a invasión do seu medio. Como todo depredador, no vértice da pirámide alimenticia, é o contedor ou reservorio final de todo tipo de pesticidas que acabarán por afectar á súa saúde e mesmo á súa capacidade reprodutiva.

Debido en gran parte ós seus hábitos de caza, obsérvase un alto índice de mortalidade relacionada con liñas de alta tensión e recentemente con parques eólicos. Adoita ser un dos inquilinos frecuentes nos centros de recuperación de fauna salvaxe. Chegando a ser reintroducido unha vez recuperado.

A dinámica actual, apunta a unha lenta recuperación en diversos puntos da xeografía peninsular.



O AZOR COMÚN E A COLUMBOFILIA:



Xunto con outros factores, este fermoso animal é un dos principais contrincantes dentro do terreo de xogo da columbofilia. Non é infrecuente atopar unha parella asentada preto dun pombal, espremendo ó máximo as súas calidades depredadoras. E como vimos anteriormente, non resulta estraño que as nosas deportistas se topen de cotío con el nas rutas de regreso dos concursos.

Posúe moitas formas de actuar á hora de cazar. Unha das máis frecuentes consiste en situarse nunha percha agochada entre a vexetación á espera de que apareza unha presa en potencia pra lanzarse sobre ela. Outras veces, prefire o enfrontamento

directo e o acoso do bando, onde se esquece do factor sorpresa, primando a velocidade e a tenacidade de predador e presa.

Os ataques non están estipulados, son puramente improvisados segundo as características orográficas e forestais. Pode lanzarse en voos curtos e baixos perseguindo presas incautas coas alas practicamente recollidas, aparecer subitamente dende un núcleo forestal, tentar ó bando para acosalo directamente, en fin o límite depende da experiencia adquirida anteriormente polo individuo en cuestión.

Non desiste facilmente na persecución, e coñécense casos onde chega a perseguir ás pombas ata o interior do pombal, e lanzarse mesmo contra os aviarios. En moitas destas persecucións non está libre de quedar atrapado, sufrir fracturas ou mesmo a morte ó chocar a grande velocidade contra obstáculos imprevistos como redes ou cristais.

CUADERNOS DE CAMPO:
BIOLOGÍA DE LOS DEPREDADORES MÁS COMUNES.
AVES – Azor común.

CLASIFICACIÓN:

REINO	Animalia
FILO	Cordados
SUBFILO	Vertebrados
CLASE	Aves
ORDEN	Falconiformes
FAMILIA	Accipitridae
SUBFAMILIA	Accipitrinae
GÉNERO	Accipiter
ESPECIE	<i>Accipiter gentilis</i>



Es uno de los depredadores aéreos más comunes de nuestra península. Si por si mismas la tenacidad e insistencia acrobática con las que acosa al bando de mensajeras a cielo descubierto ya son fascinantes, observarlo mientras caza en las espesuras de los bosques constituye un verdadero espectáculo en todos los sentidos. Este depredador es una verdadera máquina versátil donde se aúnan fuerza, velocidad y agilidad; pero son los espacios reducidos los que sacan todo el partido a sus cualidades, llegando a perseguir presas menores que él a gran velocidad evitando todo tipo de obstáculos. Posee además un hábito de caza cuando menos llamativo, siendo una rapaz diurna, acostumbra reservar algún ataque para los períodos de menor visibilidad (amanecer y crepúsculo). Sorprendiendo a muchas presas salvajes en sus dormideros y a palomas en los tejados de los palomares. Ya capturada la presa, será devorada en varios turnos si es grande, y sobre el terreno en el caso de pequeños pájaros y roedores.

DESCRIPCIÓN E IDENTIFICACIÓN: También en este caso, son mayores las hembras.

	LONGITUD	PESO
♂	49-56 cm.	500 g.-1 Kg.
♀	58-64 cm.	700 g.-2 Kg.



Envergadura, en adultos, varía entre los 130 y los 170 cm.

Cabeza: De tamaño acorde al cuerpo. El color de los ojos es muy característico, siendo en los adultos rojo, naranja o amarillo y en los inmaturos gris verdoso. Sobre estos, poseen una marcada línea superciliar de color claro, más pronunciada en los juveniles. Mejilla oscura.

Color:

Adultos: Dorso pardo oscuro. Pescuezo blanco pintado de gris. Abdomen y zona ventral de las alas con líneas horizontales de color gris sobre fondo blanco. El plumaje que rodea la zona anal, es siempre de marcado color blanco.

Individuos juveniles: Dorso pardo más claro que en los adultos. Pescuezo color crema pintado de pardo. Abdomen y zona ventral de las alas, con líneas **verticales** de color pardo oscuro sobre fondo ocre, y listas en forma de gotas.

La cola en los 2 casos muestra bandas horizontales oscuras, grises en adultos, pardas en inmaturos.

Silueta:

Cuando tenemos oportunidad de verlo posado, podemos observar que las alas no llegan más allá de la base de la cola. En vuelo, presenta una silueta muy característica, observando que las alas extendidas son anchas y redondeadas, diferenciándose claramente las remeras principales. Mientras, la cola es muy larga y estrecha, recogida cuando vuela, levemente extendida mientras planea.

Reflexionando sobre esta morfología, observaremos que presenta unas adaptaciones encaminadas a conferirle una notable movilidad dentro de la maraña de ramas y troncos del bosque, donde acostumbra a cazar.



ECOLOGÍA Y BIOLOGÍA:

Es el mayor representante de los *Accipiter* (rapaces de alas redondas) de Europa.

Su base alimenticia es excepcionalmente variada, adaptándose a la presa más relevante del entorno.

Puede alimentarse de aves como palomas, torcaes, tórtolas, perdices, codornices, faisanes, urogallos y hasta de pavos y gallinas. En el caso de los mamíferos prefiere liebres, conejos, ardillas y pequeños roedores.

Un dato distintivo es que podemos observarlo frecuentemente acosado por córvidos, sobre todo una vez capturada la presa.

Construye sus nidos preferentemente en árboles, en el Ártico cría en el suelo. La puesta consta de 1 a 5 huevos con un peso medio rondando los 50 o 75 g., la incubación requiere de entre 36 a 40 días.

Los pollos suelen realizar su primer vuelo cerca de los 40 o 45 días de vida. Alcanzando la edad de adultos a los 2 años.



DISTRIBUCIÓN ACTUAL EN LA PENÍNSULA IBÉRICA:



General.



Principales poblaciones.

Su presencia se extiende por toda la península Ibérica, siendo divagante o menos frecuente en el SW de Portugal y gran parte de la costa mediterránea. Las concentraciones más relevantes, por lo contrario,

se documentan en el SW galaico, cordillera cantábrica y montes vascos, cordillera central, sistema ibérico, llanos de Urgell y sierra de Montserrat en Cataluña, sierras de Alcázar y Segura así como en la sierra de Ronda en Málaga.

A nivel mundial, se documentan desde el nivel del mar hasta los 3.400 m. de altura.

Muestra preferencia por los márgenes y claros de los bosques, aún que es bastante frecuente observarlo cerca o dentro de zonas rurales y hasta urbanas.

SITUACIÓN FRENTE A LA EXTINCIÓN:

Como rapaz, se ve muy influida por la caza ilegal y la invasión de su medio. Como todo depredador, en el vértice de la pirámide alimenticia, es el contenedor o reservorio final de todo tipo de pesticidas que acabarán por afectar a su salud e incluso a su capacidad reproductiva.

Debido en gran parte a sus hábitos de caza, se observa un alto índice de mortalidad relacionada con líneas de alta tensión y recientemente con parques eólicos. Suele ser uno de los inquilinos frecuentes en centros de recuperación de fauna salvaje. Llegando a ser reintroducido una vez recuperado.

La dinámica actual, apunta a una lenta recuperación en diversos puntos de la geografía peninsular.



EL AZOR COMÚN Y LA COLOMBOFILIA:



Junto con otros factores, este hermoso animal es uno de los principales contrincantes dentro del terreno de juego de la colombofilia. No es infrecuente encontrar una pareja asentada cerca de un palomar, exprimiendo al máximo sus cualidades depredadoras. Y como vimos anteriormente, no resulta extraño que nuestras deportistas se topen con él en las rutas de regreso de los concursos. Posee muchas formas de actuar a la hora de cazar. Una de las más frecuentes consiste en situarse en una percha escondida entre la vegetación a la espera de que aparezca una presa en potencia para lanzarse sobre ella. Otras veces, prefiere el

enfrentamiento directo y el acoso del bando, donde se olvida del factor sorpresa, primando la velocidad y la tenacidad de predador y presa.

Los ataques no están estipulados, son puramente improvisados según las características orográficas y forestales. Puede lanzarse en vuelos cortos y bajos persiguiendo presas incautas con las alas prácticamente recogidas, aparecer súbitamente desde un núcleo forestal, tentar al bando para acosarlo directamente, en fin el límite depende de la experiencia adquirida anteriormente por el individuo en cuestión.

No desiste fácilmente en la persecución, y se conocen casos donde llega a perseguir a las palomas hasta el interior del palomar, y lanzarse incluso contra los aviarios. En muchas de estas persecuciones no está libre de quedar atrapado, sufrir fracturas o hasta la muerte al chocar a gran velocidad contra obstáculos imprevistos como redes o cristales.